



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DEFINITIVOS DE APTOS E NON APTOS NAS PROBAS DO CELGA 4**

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo 10 da Resolución do 23 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2016 (DOG núm. 3 do 7 de xaneiro de 2016),

RESOLVO:

Publicar os resultados definitivos das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 11.3 da devandita Resolución, as persoas interesadas poderán interpor, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12, de 14 de xaneiro e BOE núm. 30, de 4 de febreiro).

ANEXO: listaxes por localidade.

Os certificados daquelas persoas que resultasen aptas enviaranse de oficio ao enderezo que figura na solicitude de inscrición das probas, unha vez que se publiquen os resultados definitivos de aptos e non aptos.

Mediante este documento notificaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mencionada anteriormente.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez